

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 11 DE NOVEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da OU-402, 1ª fase, treito con puntos quilométricos (pp.qq.) 30+720-32+180, no concello de Arnoia.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda para prorrogar o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), para regular o réxime de coordinación da programación das actividades deportivas e feirais e as actividades de mantemento, conservación e funcionamento da pista de atletismo cuberta do recinto feiral e deportivo de Expourense en Ourense durante a anualidade 2022, por un importe de cen mil euros (100.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (Atrega) para a creación dun produto turístico para grupos e a súa promoción e divulgación, por un importe de seiscentos mil euros (600.000 €).

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción, a exención da constitución de garantías nos pagamentos á conta e anticipados e que estes últimos poidan alcanzar ata un 60 % da subvención total concedida, nos convenios de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e pequenas empresas

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

innovadoras para a execución de proxectos de desenvolvemento empresarial presentados ao Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial e avaliados de forma favorable pero non financiados, no marco do programa Neotec do subprograma estatal de I+D+i empresarial, por importe de tres millóns tres centos corenta e catro mil nove centos vinte e dous euros e vinte céntimos (3.344.922,20 €).

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Redes de Telecomunicación Galegas (Retegal, S.A.), para o despregamento da rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza o inicio de tramitación do anteproxecto de Lei da arquitectura de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo para o desenvolvemento e execución do programa de control de verteduras da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, 3 lotes, cun orzamento base de licitación de dous millóns novecentos setenta e seis mil douscentos trinta e catro euros con oitenta e sete céntimos (2.976.234,87 €), e cun valor estimado de seis millóns cento corenta e nove mil douscentos corenta e cinco euros con cincuenta e nove céntimos (6.149.245,59 €), expediente anticipado de gasto.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Barreiros para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de vinte e dous mil cento vinte e cinco euros (22.125 €).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e os concellos incluídos no Plan estratéxico do sector agrario da Limia para a reparación de camiños rurais.

### INFORMES

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre o balance das políticas de I+D+i no Plan galego de financiamento universitario (PGFU) 2016-2020.

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a primeira convocatoria de carreira profesional polo sistema ordinario.

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre programas de lecer e tempo libre para persoas maiores e familias.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA AUTONÓMICA OU-402 EN RIBADAVIA E NA ARNOIA

- A actuación suporá un investimento autonómico de preto de 715.000 euros, nos cales se inclúe o pagamento dos 18 predios necesarios para levar a cabo as obras
- Trátase da 1ª fase de mellora do trazado do tramo de 1,65 km desta estrada, entre o cruzamento da vía provincial OU-0305, no acceso a Ribadavia, e a entrada á Arnoia
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará a 1ª fase das obras no primeiro semestre de 2022
- A intervención inclúe a ampliación da estrada, a mellora da senda entre o acceso ao balneario e o núcleo da Arnoia, o reforzo do firme, ademais de drenaxe e sinalización
- O Goberno galego continúa traballando no mantemento e mellora da rede viaria autonómica co fin de reforzar a seguridade e a comodidade dos usuarios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar a primeira fase de acondicionamento na estrada autonómica OU-402, en Ribadavia e na Arnoia.

O Goberno galego investirá preto de 715.000 euros nesta actuación de mellora do trazado e da seguridade viaria desta vía autonómica, entre a intersección coa vía provincial OU-0305, no acceso a Ribadavia, e a entrada á poboación da Arnoia. Neste investimento da Xunta inclúese o pagamento dos 18 predios precisos para levar a cabo esta actuación.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará a execución da primeira fase das obras no primeiro semestre de 2022. Os traballos contan cun prazo de execución de seis meses.

A intervención proxectada consiste na mellora do trazado e no acondicionamento da estrada OU-402, entre a intersección coa OU-0305, no acceso a Ribadavia, e a entrada á poboación da Arnoia. Esta actuación é susceptible de financiamento a través dos fondos React UE.

As obras desenvolveranse nun tramo cunha lonxitude aproximada de 1,65 km, entre os puntos quilométricos 30+500 e 32+150. Os traballos inclúen a mellora do trazado da estrada e reforzo do firme, a construción dun espazo peonil e dunha gabia transitable,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

así como as melloras da drenaxe transversal existente, da sinalización viaria e das barreiras de seguridade.

Está previsto ampliar, na medida do posible, a estrada ata os 7 metros, rectificar as curvas de raio reducido e mellorar a senda existente entre o acceso ao balneario e o núcleo da Arnoia.

Máis en detalle, a intervención recolle a construción dunha beiravía para o tránsito dos peóns, de 2 metros de ancho e un quilómetro de lonxitude, entre os puntos 30+550 e 31+550, pola súa marxe esquerda, e unha gabia de seguridade transitábel.

En canto ao trazado, e na medida do posible tendo en conta que é un tramo existente con entrada ao núcleo urbano da Arnoia, adaptárase á normativa vixente, mellorando así a visibilidade de circulación.

Tamén se reforzará a seguridade viaria da intersección no punto quilométrico 30+700 da estrada OU-402 que conecta esta coa vía provincial OU-0305. Así, co fin de mellorar a visibilidade, dispórase un carril central de espera e habilitárase un cambio de sentido.

O Goberno galego continúa traballando no mantemento e mellora da rede viaria autonómica co fin de reforzar a seguridade e a comodidade dos usuarios.

Plano de situación e planta xeral da zona da actuación:



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA E EXPOURENSE COORDINAN AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS, FEIRAIS E DE MANTEMENTO DA PISTA DE ATLETISMO UN ANO MÁIS CUNHA NOVA ADDENDA DE 100.000 EUROS

A pista de atletismo cuberta de Ourense foi inaugurada o pasado 16 de decembro de 2017, como a mellor das pistas cubertas de España e a que conta coa tecnoloxía máis moderna. Ata o día de hoxe a Xunta de Galicia leva investidos nesta instalación máis de 4,3 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou a sinatura da segunda addenda para prorrogar o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Pública Galega de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), para regular o réxime de coordinación da programación das actividades deportivas e feirais, así como as actividades de mantemento, conservación e funcionamento da pista de atletismo cuberta de Ourense durante a anualidade 2022, por un importe de 100.000 euros.

O obxecto do convenio é establecer, por unha banda, o réxime de coordinación do uso da pista de atletismo cuberta entre a Xunta de Galicia e Expourense para a programación por cada unha das partes das súas respectivas actividades na pista, posibilitando a utilización das instalacións con destino a actividades deportivas e garantindo a compatibilidade deste uso deportivo co feiral da instalación, que é un dos elementos identitarios desta infraestrutura.

Por outra banda, o convenio establece tamén a regulación da xestión e a realización das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións, así como os seus gastos de funcionamento, garantindo que se manteñan en perfecto estado para o desenvolvemento das actividades deportivas, competicións ou eventos deportivos.

Deste xeito, o uso deportivo da pista enmarcarase en dous períodos, que son desde o 1 de xaneiro ao 31 de marzo e desde o 1 de decembro ao 31 de decembro. Como compensación dos gastos en que incorre a Fundación Expourense na xestión e na realización das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións, así como nos seus gastos de funcionamento, a Secretaría Xeral para o Deporte colaborará cun importe de 100.000 euros para o ano 2022.

#### **Pista de atletismo**

Tras a sinatura do convenio de cooperación para levar a cabo as obras de instalación da pista o pasado 11 de abril de 2016, a pista de atletismo cuberta de Ourense foi

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

inaugurada o pasado 16 de decembro de 2017 como a mellor pista cuberta de España e a que conta coa tecnoloxía máis moderna.

No mes de maio de 2018 asinouse o primeiro convenio para a compatibilidade de usos da pista cuberta de Ourense e o 31 de outubro do mesmo ano o Consello da Xunta informaba do investimento de máis de 920.000 euros en Expourense, co obxectivo de continuar a impulsar a actividade feiral ao tempo que se favorece a multifuncionalidade do recinto. Esta achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria permite ampliar a capacidade da pista de atletismo hidráulica ata as 1.500 persoas coa instalación de novas bancadas, o que permitirá acoller competicións de maior prestixio e incrementar o espazo expositivo en 400 m<sup>2</sup>, de forma que se poidan celebrar de xeito simultáneo no tempo actuacións deportivas e de carácter feiral.

En xuño de 2019 asinouse o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e Expourense para regular o réxime de coordinación da programación das actividades deportivas e feirais, así como as actividades de mantemento da pista de atletismo cuberta de Ourense, cun importe de 200.000 euros divididos en dúas anualidades (2019 e 2020). Este convenio xa foi prorrogado en 2020 cunha addenda por outros 100.000 euros e esta nova addenda que aprobou o Consello da Xunta. En total, a Xunta de Galicia leva investidos nesta instalación máis de 4,3 millóns de euros.

A pista de atletismo de Ourense ten demostrado a súa gran calidade acollendo numerosos récords na celebración de campionatos de España de grande importancia como o absoluto de 2020, o sub 20 de 2018 ou o máster de 2019, que volverá acoller o 26, o 27 e o 28 de novembro do presente ano. Ademais, a pista acolleu un total de 29 campionatos galegos de distintas categorías.

A aposta decidida da Xunta de Galicia polas instalacións ourensás complétase coa remodelación do estadio do Couto (2,6 millóns de euros), a reforma integral do pavillón dos Remedios (2 millóns de euros) e a renovación do complexo deportivo de Monterrei (10 millóns de euros, cofinanciados ao 50 % coa Deputación de Ourense).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PROMOVE O TURISMO DE GRUPOS EN GALICIA A TRAVÉS DUN CONVENIO COA ASOCIACIÓN ATREGA

- Turismo de Galicia destina 600.00 euros á promoción de grupos turísticos en xeral, e en particular, a grupos de incentivos, congresos e outras modalidades para que elixan Galicia coincidindo coa celebración do Xacobeo
- O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio coa Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (Atrega), que representa ao 95 % do sector na comunidade e que converte a Galicia no líder en turoperación do norte peninsular

O Consello da Xunta autorizou hoxe a firma dun convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (Atrega) para a posta en marcha dunha campaña de promoción dirixida a grupos turísticos coa finalidade de que elixan Galicia coincidindo coa celebración do Xacobeo.

Tendo en conta que o sector de viaxes foi un dos máis afectados pola pandemia sanitaria e que Galicia está a recuperarse como destino turístico, con moi boas cifras no verán e nos festivos, a Xunta quere potenciar a reactivación do sector e, sobre todo, promover Galicia como destino seguro entre o segmento de grupos.

Por outra banda, a contratación de paquetes turísticos pola internet é cada vez maior, sobre todo tras a pandemia, e o cliente busca asesoramento na rede á hora de buscar destinos; de aí a necesidade de promover o sector para que Galicia siga colocándose entre as preferencias dos grupos organizados.

A campaña vai dirixida para o turismo de grupos en xeral, pero particularmente aos grupos de incentivos, o turismo de congresos, os que viaxan por motivacións relixiosas, o turismo idiomático, o enolóxico e por outras modalidades, que poden sentirse particularmente atraídos por Galicia con motivo da celebración do Ano Santo.

Por este motivo, a Xunta pretende asinar un convenio de colaboración coa Atrega por ser unha asociación de turoperadores galegos que representa a máis do 95 % do volume na Comunidade, con case 250 millóns de facturación e unha presenza no mercado que converte Galicia no líder da turoperación do norte peninsular.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Turismo de Galicia destina 600.000 euros á creación de produtos turísticos para grupos, promoción en redes sociais e publicidade en liña e en prensa especializada, así como na creación de blogs e outras accións de divulgación da campaña.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APOSTA POLO EMPRENDEMENTO INNOVADOR E DESTINA 3,35 M€ A 15 PEQUENAS EMPRESAS GALEGAS DE RECENTE CREACIÓN PARA QUE IMPULSEN A COMERCIALIZACIÓN DOS SEUS PRODUTOS E SERVIZOS

- O Consello acorda apoiar os plans de negocio destas compañías tecnolóxicas que desenvolven iniciativas vinculadas ao eido das TIC, a modernización de sectores primarios galegos, a diversificacións de sectores tractores e a alimentación
- Garántese o financiamento de proxectos galegos que non obtiveron apoio por falta de crédito no programa estatal Neotec
- Prevese que as 15 propostas apoiadas desde Galicia, con axudas de ata 250.000 euros, permitan crear 50 empregos e que facturen preto de 100 millóns

O Consello da Xunta ratificou na súa reunión desta mañá o seu compromiso co emprendemento innovador ao acordar destinar un total de 3,35 M€ a 15 pequenas empresas tecnolóxicas galegas de recente creación –menos de 3 anos– que foron avaliadas favorablemente no marco do programa estatal Neotec, pero que quedaron sen apoio por falta de crédito.

Deste xeito, o Goberno galego cumpre co seu obxectivo de que ningún bo proxecto quede nun caixón por falta de apoio e destinará ata un máximo de 250.000 euros por iniciativa para que poidan levar a cabo os seus plans de negocio durante os anos 2021 e 2022.

Deste xeito, agárdase impulsar a comercialización de produtos e servizos innovadores, xa que nove dos proxectos se enmarcan no eido das TIC, dous na modernización dos sectores primarios galegos, outros dous na diversificación de sectores tractores galegos e os seus auxiliares a través dun uso intensivo das tecnoloxías facilitadoras e dous tamén se centran no sector da alimentación e a nutrición. A previsión é que estas 15 iniciativas contribúan a crear 50 novos postos de traballo e facturen preto de 100 M€.

Cómpre destacar que, de todas estas propostas, cinco foron apoiadas na súa creación a través de *business factories* galegas, como a BFFood e a BFAuto, así como polo programa Ignicia, o que evidencia que os proxectos que participan neste tipo de programas son capaces de demostrar a súa excelencia e competitividade no ámbito nacional.

Con estes apoios, o Goberno galego segue apostando pola innovación como factor clave para impulsar a recuperación tras a crise orixinada pola pandemia, no convencemento

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de que o estímulo ás empresas con alto potencial de crecemento e que contribúen á transferencia de coñecemento deben ser unha prioridade para garantir a transición cara a modelos empresariais máis competitivos e de valor engadido. É o caso destas 15 iniciativas galegas, que foron avaliadas positivamente polo CDTI no programa Neotec, pero que quedaron fóra dos apoios concedidos polo Goberno central por falta de crédito.

Dentro deste espírito de acompañar o tecido empresarial máis innovador, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación presentou un novo programa de impulso á innovación, ao cal destina 12 M€ co obxectivo de axudar a 15.000 pemes e microempresas galegas a investir neste eido. O foco estará posto nas pequenas e medianas empresas con potencial para innovar, pero que aínda non o fixeron, así como nas situadas en núcleos non urbanos. Deste xeito, búscase estender e facer partícipes do ecosistema de innovación galego este tipo de empresas para que sexa representativo de todo o territorio, de todos os sectores e de todos os tamaños de compañías.

### **Camiño da Innovación**

Neste sentido, a Xunta, a través da Axencia Galega de Innovación, está a desenvolver desde o pasado 5 de novembro a actuación Camiño da Innovación. Consiste en percorrer Galicia nun tráiler ata o 9 de decembro, con 18 paraxes repartidas polas catro provincias galegas, coas cales busca achegar as oportunidades de innovar ás pemes locais. Así, neste espazo ofrécese asesoramento experto individualizado, formación a medida e casos de éxito de pemes innovadoras. Hoxe, xoves 11 de novembro, Camiño da Innovación chega á localidade coruñesa de Ordes. A próxima será o vindeiro luns, día 15, no concello pontevedrés de Caldas de Reis.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA SEGUE A REDE DE VIDEOVIXILANCIA FORESTAL E APLICARÁ TECNOLOXÍA IoT PARA A XESTIÓN DE RECURSOS E A XEOLOCALIZACIÓN DE BRIGADISTAS

- Pilotarase unha solución de sensorización IoT para medir os niveis de capacidade en seis depósitos de auga empregados na prevención de incendios e xeolocalizar brigadistas
- A rede contará con ata 142 cámaras cunha prestación con capacidade para operar baixo temperaturas extremas
- Son medidas que xa recolle o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia 2021

A Xunta segue a ampliar a Rede de videovixilancia dos espazos forestais de Galicia e iniciará un piloto de sensorización con tecnoloxía IoT para axudar na xestión dos recursos para a extinción de incendios. Estas son dúas das medidas do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Retegal e que hoxe foi analizado polo Consello do Goberno galego. As ditas medidas xa estaban enmarcadas no de Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) 2021.

O acordo permite así seguir incorporando novos centros e cámaras de altas prestacións á rede, a cal estará integrada por ata un total de 71 centros de telecomunicacións e 142 cámaras.

Ademais, o acordo recolle o despregamento de sensores IoT en seis depósitos de auga empregados por Medio Rural na extinción de incendios. A supervisión dos niveis de capacidade e enchedura dos depósitos de auga permitirá optimizar a súa xestión e a adopción de accións preventivas para protexer o territorio.

Outra das medidas que recolle esta iniciativa piloto é facilitar a xeolocalización dos brigadistas que participan no proceso de extinción de incendios. O piloto prevé dotar os brigadistas de dispositivos que reportarán de forma periódica a súa localización, emitindo sinais de alarma en casos de caída ou inmovilidade da persoa.

#### **Cámaras de altas prestacións**

A Rede de videovixilancia dos espazos forestais entrou en funcionamento en 2018 como un instrumento de apoio ao labor de detección, prevención e seguimento de incendios. Para o seu despregamento aproveitáronse as infraestruturas do operador público Retegal, instalando en cada un dos 44 centros iniciais 2 cámaras de altas prestacións,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

con capacidade para operar baixo temperaturas extremas e resistentes a ventos furacanados.

A rede ampliouse en 2019 e acadou os 60 centros e 120 cámaras, o que permite a supervisión de máis da metade do territorio galego, incluíndo terreos das 73 parroquias de alta actividade incendiaria, definidas así no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia da Consellería do Medio Rural.

### **Plataforma para unha xestión integral**

A rede xestiónase de xeito centralizado a través dunha plataforma tecnolóxica que posibilita a vixilancia remota dos montes desde os centros de coordinación (central, provincial e de distrito) as 24 horas do día e permítelles aos axentes e técnicos forestais o acceso en tempo real ás imaxes, mesmo a través de dispositivos móbiles.

En caso de detectarse un lume, o sistema achega información visual en directo sobre o avance e as condicións do incendio e permite xeoposicionar o punto que se está a visualizar en cada momento. Deste xeito, a rede ofrece un mecanismo de apoio á toma de decisións por parte das autoridades e persoal técnico competentes para mobilizar e xestionar medios e recursos para os labores de extinción. A rede almacena 3.000 imaxes cada segundo, o que supón un total de 7.776 millóns de imaxes ao mes.

### **Investimento**

Este convenio conta cun orzamento de 327.182,36 euros que financian a Consellería do Medio Rural e a Amtega ata o 2022. Entre 2018 e 2022 a Xunta levará investidos máis de 3,2 millóns de euros posta en marcha, despregamento e mantemento da rede.

Estas actuacións están cofinanciadas nun 75 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), nun 7,5 % polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e nun 17,5 % pola Xunta de Galicia, no marco da submedida 8.3, Prevención do dano causado por incendios, desastres naturais e outras catástrofes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA A LEI DE ARQUITECTURA DE GALICIA PARA SITUAR A COMUNIDADE NA VANGARDA DA CALIDADE ARQUITECTÓNICA**

- O Goberno galego crea unha norma que define a materia como un ben de interese xeral que se debe preservar, difundir e fomentar, procurando o máis alto nivel de excelencia non só nas construcións, senón tamén na súa contorna
- Entre outros aspectos, establece a recomendación de que os criterios de adxudicación relacionados coa calidade representen, cando menos, o 75 % da puntuación dos contratos de servizos de arquitectura
- Tamén subliña, co fin de mellorar a coordinación e a continuidade, que se debe procurar a contratación conxunta da redacción de proxecto e a dirección de obra
- A lei galega será máis ampla e ambiciosa que a de ámbito estatal ao regular as particularidades dos contratos de servizo do proceso arquitectónico ou fixar por lei a participación cidadá nas futuras iniciativas

A Xunta impulsa a primeira Lei de arquitectura de Galicia para situar a Comunidade na vangarda da calidade arquitectónica e como a segunda autonomía en contar cunha normativa específica nesta materia.

O Consello autorizou esta mañá iniciar o procedemento deste novo texto normativo e coñeceu o anteproxecto, presentado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, co que se pretende asentar a idea de que a arquitectura é un ben de interese xeral que se debe preservar, difundir e fomentar, procurando o máis alto nivel de calidade non só nas construcións, senón tamén na súa contorna.

Así, o texto avanza un paso máis na súa tramitación co inicio do período de información pública, onde os interesados poderán presentar as súas alegacións á norma, que consta de catorce artigos, distribuídos en tres títulos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira.

A Lei de arquitectura de Galicia recolle unha serie de especificidades que deben introducirse para contratar os servizos para a redacción de proxectos e direccións de obras. Co obxectivo de velar pola excelencia, establece, entre outros aspectos, a recomendación de que, nos contratos que non se tramiten como concurso, os criterios de adxudicación relacionados coa calidade representarán, cando menos, o 75 % da puntuación total, e a oferta económica non poderá avaliarse por encima do 25 %.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén subliña, co fin de acadar a máxima calidade en todo o proceso, así como a coordinación e continuidade entre a fase de redacción e a súa execución, que se debe procurar a contratación conxunta da redacción de proxecto e a dirección de obra.

Así mesmo, regúlase a tramitación preferente polo procedemento do concurso —é dicir, coa participación dun xurado— nos proxectos singulares ou de especial complexidade. Estas actuacións, que se definen na norma, vincúlanse á existencia de condicionantes técnicos, ambientais, paisaxísticos, funcionais, de accesibilidade, urbanísticos ou doutra índole que precisen dunha especial resposta, innovación ou orixinalidade, de cara a obter prestacións de gran calidade.

No caso destes proxectos de especial complexidade, o Consello da Xunta aprobará criterios orientativos de contratación, como os relacionados coa calidade que permitan elixir a oferta máis vantaxosa; prazos máis axustados para a presentación de propostas; avaliación dos custos dos procesos arquitectónicos para calcular o orzamento base de licitación e o valor estimado dos contratos; criterios de sustentabilidade ambiental, especialmente referidos aos materiais que empregar, xestión adecuada de residuos, eficiencia enerxética que asegure baixas emisións, e un uso sustentable da auga.

### **Acreditación mediante títulos académicos ou profesionais**

Así mesmo, a lei tamén regulará a acreditación da solvencia técnica do contratista mediante títulos académicos ou profesionais —normalmente acréditase mediante servizos realizados semellantes—, o que abre máis posibilidades aos novos valores da arquitectura e determina que a solvencia económica se pode acreditar a través dun seguro de responsabilidade civil —e non polo volume de anual de negocio—.

Tamén sinala que o órgano de contratación debe publicar a documentación previa dispoñible —planos, informes e estudos xeotécnicos— para facilitar a preparación da oferta, o que optimizará a transparencia, e fixa a definición do proceso arquitectónico, que comprende as fases de planificación, deseño, execución, explotación e fin de ciclo, así como os axentes que interveñen nel.

### **Razóns de interese social e económico**

A Consellería de Medio Ambiente considera que a calidade da arquitectura non queda só garantida polo feito de cumprir coa normativa urbanística, sectorial ou coas normas técnicas da edificación, de aí que faga fincapé na divulgación, para acadar unha corresponsabilidade social e que isto repercuta na configuración da contorna.

Ademais, falar de arquitectura non é falar dun edificio illado, polo que esta norma incorpora o principio da cohesión social, dado que a contorna construída expresa as relacións de convivencia, produtivas e políticas dunha sociedade, e que se presenta

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como un instrumento para facer efectivos múltiples dereitos das persoas, como o dereito ao acceso a unha vivenda de calidade e contribúe ao desenvolvemento sustentable.

A aprobación da Lei de arquitectura de Galicia está prevista para 2022 e será un texto máis amplo e ambicioso que o de ámbito estatal, pois o galego vai máis alá, regulando o proceso arquitectónico, as particularidades dos contratos de servizo do proceso ou fixando por lei a participación cidadá nas futuras iniciativas durante a fase de planificación, entre outros aspectos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DOS CONTRATOS PARA DESENVOLVER O PLAN DE CONTROL DE VERTEDEURAS NA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA-COSTA NOS 2 VINDEIROS ANOS, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 6 M€**

- O programa acometerase mediante 3 contratos, un por cada ámbito territorial da Demarcación Galicia-Costa: norte, centro e sur, e prevé a prórroga durante 3 anos máis
- Os obxectivos do plan son xestionar as alertas de vertedura, localizar os focos e fixar o procedemento para a súa eliminación
- O plan consta dun protocolo coa Axencia Galega de Emerxencias para garantir a resposta eficiente ás alertas de verteduras do 112
- Os técnicos efectúan inspeccións rutinarias nas redes fluviais e nas rías para localizar os puntos de vertedura, avalialos e emendalos
- A Xunta, desde a posta en marcha do plan, realizou preto de 88.000 inspeccións, e contabilízanse 7.136 no que vai de 2021
- O plan inclúe o inventario de focos, que se clasifican en contaminantes, en investigación, cumpridores de límites de vertedura ou emendados
- O seguimento exhaustivo dos puntos permite que os que foron emendados ou os que cumpren os límites de vertedura representen o 88 % do total de inventariados

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dos contratos para o desenvolvemento do Plan de control de verteduras na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa nos dous vindeiros anos, que suporá un investimento de máis de 6 millóns de euros, tendo en conta que se prevé a posibilidade de prorrogar os contratos por 3 anos máis.

A autorización dálle continuidade ao Plan de control de verteduras que vén desenvolvendo a Xunta, a través de Augas de Galicia, para realizar o seguimento das masas de auga de competencia autonómica e garantir a súa calidade.

Este programa levarase a cabo mediante 3 contratos, un por cada ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa: norte, centro e sur.

Neste sentido, a zona norte abrangue a contorna dos ríos Grande, Mero, Mandeo, Eume, Sor, Landro, Ouro e Masma, e polo tanto, tamén as rías de Camariñas, Betanzos, Ares, Ferrol, Ortigueira, Cedeira, Viveiro ou Ribadeo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A zona centro engloba as áreas dos ríos Ulla, Tambre, Xallas e do Castro, así como as das rías de Arousa, na marxe dereita, Muros e Corcubión.

A zona sur inclúe os ríos Verdugo, Lérez e Umia e as rías de Vigo, Baiona, Pontevedra e Arousa, na marxe esquerda.

### **Obxectivos**

Os principais obxectivos deste plan son xestionar as alertas por vertedura ao dominio público, localizar estes focos, avaliar a súa importancia e establecer o procedemento para acadar a súa eliminación.

Os responsables destes contratos tamén deberán identificar zonas potencialmente sensibles, realizar plans de recuperación de áreas danadas, desenvolver estudos concretos, implantar redes de control ou fomentar a concienciación social.

### **Xestión de alertas**

O Plan de control de verteduras ten establecido un protocolo de actuacións coa Axencia Galega de Emerxencias (Axega) para garantir a eficiente resposta ás alertas en materia de verteduras que recibe o servizo de atención de emerxencias 112.

Este servizo centralizado de atención telefónica está dispoñible as 24 horas e os 365 días ao ano.

Ademais, os cidadáns tamén poden comunicar unha vertedura a un río ou ao mar a través da páxina web de Augas de Galicia.

O número total de alertas comunicadas desde o ano 2010 ata a actualidade ascende a 5.880. No que vai de ano atendeuse un total de 605 alertas.

### **Inspección e seguimento**

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, mediante o Plan de control de verteduras, desenvolve un seguimento de todos as verteduras da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

Para localizar estes focos e realizar a súa avaliación, os técnicos do plan efectúan campañas das redes fluviais e das rías e inspeccións rutineiras ou a raíz das alertas notificadas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta, desde a posta en marcha deste plan realizou preto de 88.000 inspeccións, e contabilízanse ao longo do que vai de ano 2021 un total de 7.136.

### **Inventario**

O Plan de control de verteduras tamén inclúe o inventario de puntos de vertedura, tanto en dominio público hidráulico como en dominio público marítimo-terrestre. Estes puntos clasifícanse segundo se consideren contaminantes, en investigación, cumpridores dos límites de vertedura ou xa emendados.

O traballo de seguimento dos puntos contribuíu a que os focos emendados por Augas de Galicia ou que cumpren os límites de vertedura ascendan ao 88 % dos inventariados.

A Xunta considera prioritaria a protección das rías galegas para garantir a calidade das súas augas, que redundará no futuro de actividades estratéxicas na Comunidade, como a pesca, o marisqueo, a acuicultura ou o turismo.

A este respecto, o plan abrangue un exhaustivo e sistemático seguimento dos puntos de vertedura inventariados nas rías co fin de emendar os posibles focos contaminantes.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 22.000 EUROS AO CONCELLO DE BARREIROS PARA A PRESTACIÓN DE COMEDOR ESCOLAR NO COLEXIO DE SAN COSME

- O Goberno galego mantén apoios deste tipo en 239 comedores escolares a través de acordos con 17 concellos e coas ANPA e entidades
- O orzamento total da Xunta para servizo de comedor de xestión propia, de concellos e das ANPA ascende a 50 M€ en 2022, o triple que hai 15 anos
- Cómpre salientar que as axudas ás ANPA medran un 59 % ata os 1,2 M€ e as axudas aos concellos medran un 10 % ata acadar os 0,7 M€
- Nos comedores de xestión da Consellería, oito de cada dez usuarios teñen o servizo totalmente gratuíto ou pagan 1 € por menú

O Goberno galego colaborará co Concello de Barreiros na prestación do servizo de comedor escolar no colexio CEIP de San Cosme de Barreiros, cunha achega de 22.125 euros, segundo o convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e este concello lugués.

No marco deste convenio, a Consellería subvencionará os menús escolares de 25 comensais do colexio de San Cosme durante o que resta do actual curso 2021/22 e durante todo o curso 2022/23, que é o seu período de vixencia. Pola súa banda, o Concello de Barreiros comprométese a asumir a xestión e organización deste comedor escolar, o que abrangue a contratación da elaboración e servizo dos menús, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

A través destas accións, a Xunta de Galicia favorece a conciliación da vida escolar e familiar e reforza o seu apoio a este concello, que decidiu facerse cargo da xestión deste servizo complementario en San Cosme. Ao mesmo tempo, continúaase coa aposta pola dotación e mantemento de servizos educativos complementarios no rural galego, que redunda nun beneficio para o conxunto da comunidade da zona.

#### **Importante incremento orzamentario en 2022**

O compromiso do Goberno galego coa potenciación do comedor escolar queda referendado nos orzamentos para o vindeiro ano 2022, cunha contía global de 50 M€ para financiar o funcionamento deste servizo complementario, o que supón triplicar o orzamento de 14,6 millóns que se destinaba en 2007 a este mesmo fin. Ademais, o número de prazas de comedores incrementouse nun 30 % desde o curso 2008/09.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, en 2022 a partida de axudas ás ANPA para a prestación de comedor incrementábase nun 59 % con respecto ao presente ano, ao pasar de 0,75 M€ a 1,2M € en axudas por este concepto.

Tamén medra ata os 0,7 M€ (un 10 % máis) a partida para convenios cos concellos coma este, que autorizou o Consello da Xunta. Así mesmo, a partida da Xunta para comedores de xestión propia elévase a 48,2 M€, un 2,1 % máis.

### **Colaboración con concellos, coas ANPA e con entidades**

Hoxe en día, e contabilizando xa o acordo con Barreiros, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade mantén convenios de colaboración con 17 concellos de Galicia, a través dos cales financia os menús de 4.779 usuarios de 54 centros públicos. A maiores, tamén destina axudas ás ANPA e entidades para a xestión de 185 comedores, que suman outras 10.394 prazas.

Non obstante, a meirande parte dos comedores escolares en Galicia están xestionados pola propia Consellería, cun total de 417, que atenden 62.375 usuarios. Cómpre lembrar que, no caso destes comedores escolares, o 80,6 % dos usuarios ten o servizo totalmente de balde ou pagando tan só un euro, mentres que a contía máxima de 4,5 euros/día a aboa un 14,6 % dos usuarios. Esas cifras confirman que o servizo de comedor escolar en Galicia, baseado na renda familiar, é un dos sistemas máis xustos e accesibles para as familias de todo o Estado español.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVESTIRÁ 600.000 EUROS NA MELLORA DE CAMIÑOS DE 12 CONCELLOS DA COMARCA DA LIMIA

- O Consello do Goberno autorizou hoxe a sinatura dun convenio de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e os municipios desta bisbarra ourensá para arranxar estas vías, principalmente transitadas por agricultores e gandeiros locais
- Priorizáronse aqueles camiños localizados en concentracións parcelarias, os que dan acceso a un maior número de parcelas agrícolas ou explotacións agrarias e aqueles que teñan unha maior intensidade media diaria de vehículos agrícolas
- Dentro do Plan extraordinario de mellora de infraestruturas da comarca da Limia, tamén participará a Deputación de Ourense colaborando cos concellos poñendo á súa disposición maquinaria para o arranxo doutros camiños
- Este plan extraordinario está enmarcado no Plan estratéxico do sector agrario da Limia, promovido pola Xunta e os diferentes axentes da comarca, para lograr un mellor e máis efectivo aproveitamento dos recursos desta zona

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e 12 concellos da comarca da Limia para levar a cabo as actuacións enmarcadas no Plan extraordinario de reparación de camiños, dotado con 600.000 euros. A través deste programa repararanse camiños empregados, fundamentalmente, polos agricultores e gandeiros locais desta bisbarra ourensá.

Así, tras un estudo pormenorizado por parte dos técnicos da Consellería do estado desta rede viaria, comprobouse que as propostas de camiños que se deben mellorar enviadas polos distintos concellos cumprían cos criterios de selección e, agora, a Consellería do Medio Rural asinará un convenio con cada un destes municipios para poder executar as obras. Os concellos beneficiarios desta colaboración son os de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, A Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia e Xunqueira de Ambía.

Os camiños seleccionáronse en función dunha serie de criterios previamente marcados, que pasan por priorizar aqueles viarios localizados en concentracións parcelarias, aqueles que dan acceso a un maior número de parcelas agrícolas ou explotacións agrarias e, en terceiro lugar, aqueles que teñan unha maior intensidade media diaria de vehículos agrícolas ou con tramos cunha lonxitude mínima de 100 m que se atopen en peores condicións. En calquera caso, todos os camiños seleccionados son de titularidade municipal.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras de acondicionamento que se levarán a cabo consistirán en limpar as gabias e a vexetación presente no camiño, en rehabilitar obras de fábrica xa existentes e en varrer e tapar as zonas que o precisen.

Ademais, este convenio forma parte do Plan extraordinario de mellora de infraestruturas da comarca da Limia, dentro do cal tamén participará a Deputación de Ourense colaborando cos concellos poñendo á súa disposición maquinaria para o arranxo doutros camiños.

### **Plan estratéxico do sector agrario da Limia**

Este plan extraordinario está enmarcado no Plan estratéxico do sector agrario da Limia, promovido pola Xunta e polos diferentes axentes da comarca. Este plan estratéxico busca lograr un mellor e máis efectivo aproveitamento dos recursos, reducir a concentración de nutrientes nas augas, xerar emprego e fixar poboación no rural, combatendo así o cambio climático á par que Europa. Precisamente o borrador deste plan, que se está elaborando en colaboración coa Fundación Juana de Vega e co Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Limia-Arnoia, está moi avanzado e prevese rematalo este 2021.

Ademais, cabe sinalar que estas obras de acondicionamento de camiños veñen completar o conseguido ata o de agora para esta comarca ourensá, tras intensas negociacións co Goberno central. Así, grazas á colaboración institucional liderada pola Xunta, vaise investir un total de 32,5 millóns de euros na potenciación do sector agrario da Limia. Nesta liña, cómpre destacar os 12 millóns de euros que se destinarán á limpeza das canles e dos camiños paralelos a elas, co fin de mellorar a xestión dos subprodutos gandeiros e das augas para evitar e reducir a afectación ambiental das prácticas agrogandeiras actuais nesta bisbarra ourensá.

Doutra banda, outros 15,9 millóns de euros serán para abordar un proxecto de mellora da eficiencia e da sustentabilidade dos regadíos da Limia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia promovido polo Executivo do Estado para facer fronte aos efectos da COVID-19 coa axuda dos fondos europeos Next Generation. Desta cantidade, o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación achegará un 80 % (en total, 12,7 millóns), mentres a comunidade de regantes fornecerá o 20 % restante.

Ademais, a Consellería do Medio Rural achegará preto de catro millóns de euros para completar a rede de pozos do regadío da zona. De feito, xa se encargou o inicio dos traballos de preparación de 42 novos pozos comprometidos con catro comunidades de regantes beneficiadas. Así, seis destes pozos serán para a comunidade de San Salvador de Sabucedo, no concello da Porqueira; 13 pozos para a comunidade de Lamas Ganade,

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

no concello de Xinzo de Limia; outros 13 para a de Corno do Monte, nos concellos de Xinzo de Limia e Trasmiras; e 10 pozos para a de Alta Limia, tamén no concello de Xinzo de Limia.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINOU CASE 284 M€ A POLÍTICAS DE I+D+I NO PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSTIARIO 2016-2020

- Entre as principais accións destaca a convocatoria de 710 prazas de contratos predoutorais e posdoutorais neste período
- Mantéñense en funcionamento 240 grupos, entre os de potencial crecemento e os de referencia competitiva
- Ao abeiro deste investimento, Galicia impulsou un modelo singular de centros de investigación referente en todo o Estado, dotados con 30 M€
- Consolidouse o programa de especialización de campus, no cal están xa acreditados o Industrial de Ferrol e o Terra de Lugo

A Xunta de Galicia destinou case 284 M€ ao Plan galego de financiamento universitario no período 2016-2020. Isto supón aproximadamente o 13,5 % do importe do plan para ese mesmo período, unha porcentaxe que está previsto que se vaia incrementando de xeito progresivo nos próximos anos. Non en balde, o Goberno galego consensuou cos reitores o novo plan para o período 2022-2026, que será a maior achega da historia da Xunta ás universidades públicas.

Así se desprende do informe Balance das políticas de I+D+i no Plan galego de financiamento universitario (PGFU) 2016-2020, analizado esta mañá no Consello da Xunta, que recolle os principais eixes en que se sustenta o apoio da Xunta de Galicia á investigación no Sistema universitario de Galicia (SUG). O primeiro deles constitúeo o talento, centrado na estratexia de formación, retención, captación e xestión do talento, en que se inclúen tanto os programas propios deseñados e implementados desde a Xunta de Galicia como aquelas accións de apoio, financiadas con cargo ao plan, vencelladas a programas externos.

O segundo eixe céntrase nas estruturas, as unidades de funcionamento da investigación colaborativa. Neste sentido destacan tres programas: o de Consolidación, o de Centros de investigación e o de Campus de especialización.

Finalmente, o terceiro eixe xira arredor das accións, entendidas como aquelas medidas, elementos e programas deseñados especificamente desde a Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades do sistema, como dinamizadores e catalizadores das políticas de I+D+i universitaria.

#### Captación de talento

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A captación, formación e retención de talento supón unha área estratéxica do Goberno galego co fin de atraer e desenvolver os recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo unha carreira profesional que posibilita a formación e fomento da excelencia científica no sistema galego de I+D+i.

Neste sentido, entre as principais accións salienta no período 2016-2020 a convocatoria dun total de 710 prazas de contratos predoutorais e posdoutorais. A maiores, en 2020 lanzouse por primeira vez unha convocatoria específica para contratar persoal investigador distinguido, cun total de 15 prazas, dirixidas ben a atraer a investigadores de recoñecido prestixio e incorporalos ao SUG, ben a contratar e promocionar o persoal investigador que xa está vinculado ao sistema nos campus de especialización ou en áreas de coñecemento estratéxicas.

O orzamento total destes programas, financiados integramente pola Xunta de Galicia, ascende a máis de 71 M€ no período.

Por outra banda, a Xunta de Galicia apoiou a participación de 117 investigadores galegos durante este quinquenio en programas externos, como os estatais Juan de la Cierva e Ramón y Cajal ou os do Consello Europeo de Investigación (ERC: Starting Grants e Consolidator Grants).

### **Estruturas grupais**

No referido ás estruturas de investigación, a última década supuxo a consolidación dun modelo propio baseado en estruturas grupais e supragrupais.

Nos período 2016-2020 destináronse preto de 60 M€ a soste os 147 grupos de referencia competitiva (GRC) e os 93 grupos de potencial crecemento (GPC) que funcionan no SUG. Trátase de grupos excelentes (no caso dos GRC) ou na senda da excelencia (GPC), cuxa especial actividade require dun investimento adicional, e que contan con persoal investigador consolidado e especializado en áreas estratéxicas para a I+D+i universitaria galega.

### **Novos centros**

No referido ás estruturas grupais, o principal vector son os oito centros de investigación acreditados das universidades galegas, que se van agrupar baixo o selo identificativo CIGUS (Centros de Investigación do Sistema Universitario Galego). O financiamento entregado aos centros de investigación do SUG no período 2016-2020 ascende a preto de 32 M€ no marco do Plan de financiamento.

En concreto, trátase do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC, da UDC); o Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e Materiais Moleculares (CIQUS, da USC); o Centro de Investigación en Medicina Molecular (CIMUS, da USC); o Centro de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS, da USC); o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE, da USC); o atlantTic (UVigo); o Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio, da UVigo) e o Centro de Investigacións Mariñas (CIM, da UVigo).

O sistema de centros de investigación supón un modelo singular no Estado, que se consolidou neste ano 2021 co lanzamento da marca CIGUS. Supoñen o cuarto sistema en importancia e impacto de centros de investigación entre as comunidades autónomas e gozan dun apoio económico superior ao estatal blindado polo Plan galego de financiamento universitario.

O modelo de centros de investigación do SUG foi destacado nunha peza separada no informe CYD 2020, que é unha das publicacións de referencia en España sobre as achegas das universidades á sociedade.

### **Campus de Especialización**

Tamén ao longo da última década se deron pasos fundamentais para construír un modelo de especialización dos campus universitarios galegos, con especial atención aos periféricos. Neste sentido, o pasado ano 2020 lanzouse a primeira convocatoria para acreditar a especialización. Este mesmo ano 2021 acadaron esta certificación o Campus Industrial de Ferrol e o Campus Terra de Lugo. O importe dos convenios para o desenvolvemento e implantación de campus de especialización no período 2013-2020 ascende a 23 M€. Deles, 18 M€ foron consignados no período estrito do Plan 2016-2020.

O obxectivo da estratexia de especialización de campus é promover a súa diferenciación de acordo cos principios do novo modelo de organización universitaria (posicionamento conxunto, articulación e agregación de capacidades ao redor de ámbitos de especialización prioritarios, fortalecemento do papel dos campus non-centrais).

Deste xeito, promóvese un enfoque estratéxico dos campus a través do cal reforzar a colaboración cos axentes económicos e sociais e fortalecer así o papel das universidades como dinamizadoras do territorio. Ao tempo, impúlsase a creación de polos de referencia en I+D+i mediante a reorganización, agrupación e especialización das capacidades científicas.

### **Convenios e accións específicas**

A maiores do programa de captación do talento e do sostemento das estruturas de investigación, entre outras accións, desde 2017 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade asina convenios con carácter anual con cada unha das tres universidades para desenvolver accións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos. O importe destes convenios ascendeu a preto de 40 M€.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# SANIDADE CONVOCA O PRIMEIRO PROCESO DE ACCESO Á CARREIRA PROFESIONAL POLO SISTEMA ORDINARIO DO PERSOAL DO SERGAS

- Poderán solicitar o seguinte grao de carreira profesional preto de 100 profesionais do Sergas
- Valórase, por primeira vez, no ámbito da carreira profesional, a participación dos profesionais nos programas de vacinación e en cribados COVID, así como a prestación de servizos durante a situación de emerxencia sanitaria
- Tamén se recollen aquelas actividades indicativas do compromiso do profesional coa organización, como é a prestación de servizos en centros illados ou as titorías de formación sanitaria

O Consello da Xunta abordou un informe da Consellería de Sanidade referido á convocatoria do primeiro proceso de acceso aos graos I a IV de carreira profesional polo sistema ordinario do persoal do Sergas e entidades adscritas ao departamento sanitario galego. Trátase da primeira convocatoria de carreira profesional en que se aplicará o baremo ordinario na parte correspondente ás áreas III (formación, docencia investigación e innovación) e área IV (implicación e compromiso coa organización). Esta convocatoria suporá o recoñecemento dun novo grao de carreira a preto de 100 profesionais, cun investimento por parte da Xunta de 122.183 euros.

A través desta convocatoria, poderán solicitar o seguinte grao de carreira profesional cerca de 100 traballadores do Sergas, dos cales o 12 % son licenciados sanitarios, o 48 % diplomados sanitarios e técnicos de FP, e o 40 % son persoal de xestión e servizos. Débese sinalar, así mesmo, que o 43 % destes profesionais accederá ao grao II, o 24 % ao grao III e o 33 % ao grao IV. O pagamento do complemento de carreira que se recoñeza nesta convocatoria producirase con efectos do 1 de xaneiro de 2022.

O Sergas ten previsto elaborar proximamente os mapas de competencias necesarios para avaliar a área II do baremo e comezou as negociacións coas organizacións asinantes do acordo sobre as bases de carreira profesional, para definir os indicadores de actividade que sexan facilmente medibles e comprobables para valorar a área I.

Cómpre remarcar que o sistema de carreira profesional motiva os profesionais a participar, ao longo da súa vida laboral, nos obxectivos da organización e a incrementar a súa cualificación e competencia, o que redundará na calidade asistencial e na mellora permanente das prestacións sanitarias públicas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Catro grandes áreas**

O baremo ordinario, que supón un importante cambio respecto ao que se aplicou no réxime extraordinario, divídese en 4 grandes áreas, (área I: actividade asistencial/profesional; área II, competencias asistenciais/profesionais; área III, formación, docencia, investigación e innovación; e área IV, implicación e compromiso coa organización).

Nesta convocatoria do 2021 valórase, por vez primeira, no ámbito da carreira profesional, a participación dos traballadores nos programas de vacinación e en cribados COVID, así como a prestación de servizos durante a situación de emerxencia sanitaria. Tamén se recollen todas aquelas actividades indicativas do compromiso do profesional coa organización, como pode ser a prestación de servizos en centros illados e que sofren especiais dificultades de cobertura, ademais doutras actividades formativas e docentes, como é o caso da titoría de formación sanitaria e a participación en proxectos e premios de investigación ou innovación sanitaria.

O acordo sobre as bases da carreira profesional do Sergas e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade establece que o procedemento ordinario para acceder aos graos I a IV se convoca anualmente. O recoñecemento do grao requirirá a avaliación favorable dos méritos do interesado realizada polo correspondente comité ou subcomité de avaliación, e valoraranse, exclusivamente, os méritos acadados durante o período en que o profesional permaneceu encadrado no grao inmediatamente inferior.

### **Minucioso traballo e esforzo colectivo de consenso**

No informe abordado hoxe na reunión semanal do Executivo galego tamén se remarca que, logo dunha convocatoria extraordinaria e de encadramento que se realizou no ano 2018, e na cal obtiveron recoñecemento de grao máis de 20.000 profesionais, no ano 2020 se convocou un novo procedemento de carreira no cal tamén se aplicaron os criterios extraordinarios de avaliación do ano 2018. Nesa convocatoria, obtiveron un recoñecemento de grao un total de 13.480 profesionais e ademais estiveron exonerados do requisito de permanencia no grao anterior.

No mes de agosto deste ano publicouse, no *Diario Oficial de Galicia*, a Orde pola que se aproba o baremo na parte correspondente ás áreas III e IV, aplicable no procedemento ordinario de carreira profesional do persoal do Sergas e entidades adscritas a esta consellería e ao dito organismo. Este baremo, que será aplicable nas vindeiras convocatorias para o acceso aos sucesivos graos dos diversos colectivos profesionais, é o resultado dun minucioso traballo e o reflexo dun grande esforzo colectivo de consenso, e foi aprobado pola maioría das organizacións sindicais na mesa sectorial do pasado mes de xuño.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA RECUPERA OS PROGRAMAS XUNTOS POLO NADAL E MONTAÑA EN FAMILIA PARA APOIAR AS PERSOAS MAIORES E AS FAMILIAS

- Xuntos polo Nadal ofrecerá 526 prazas: 246 na residencia de tempo libre do Carballiño e 280 na de Panxón, en Nigrán
- Como novidade establécense dúas quendas: unha primeira do 22 ao 29 de decembro e unha segunda do 31 de decembro ao 7 de xaneiro
- Os participantes deberán estar vacinados da COVID-19 e realizaráselle un test ao chegar á residencia
- O programa pasará a ser 100 % gratuito para as persoas beneficiarias, en lugar dos 50 euros que debían pagar en convocatorias anteriores
- O programa Montaña en familia ofrece 600 prazas para familias numerosas, monoparentais, acolledoras e vítimas de violencia de xénero na estación de montaña de Manzaneda
- Baixa un 25 % o prezo que pagarán as familias, que pasa a ser de 66 euros por persoa maior de 12 anos e de 36,5 por cada neno menor desa idade

O Consello da Xunta informou sobre a reactivación de dous programas que se suspenderan no ano 2020 por mor da pandemia, como son Xuntos polo Nadal e Montaña en familia para apoiar as persoas maiores que viven soas e as familias de especial consideración. Deste xeito, póñense á disposición de quen máis o precisa os centros turísticos da Comunidade Autónoma durante os próximos meses.

En concreto, Xuntos polo Nadal permite que as persoas maiores que viven soas teñan con quen compartir estas datas tan especiais. Esta iniciativa desenvolverase nas residencias de tempo libre do Carballiño e de Panxón (Nigrán), e está dirixida a persoas maiores de 60 anos que estean empadroadas na nosa Comunidade e vivan soas no seu domicilio ou non teñan con quen pasar estas datas.

Este ano incorpóranse varias novidades, entre as cales destaca o establecemento de dúas quendas de oito días cada unha —unha primeira do 22 ao 29 de decembro e unha segunda do 31 de decembro ao 7 de xaneiro. Isto permitirá duplicar as prazas das 295 do ano 2019 ás 526 deste ano, das cales habilitaranse 246 no Carballiño e 280 na de Panxón.

#### Protocolo COVID

Outra das novidades é que os participantes deberán estar vacinados contra a COVID-19, pola súa propia saúde e pola de todos, e realizaranse tests ao chegar ás instalacións. E por último, o programa será 100 % gratuito para as persoas beneficiarias, en lugar dos

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

50 euros que debían pagar en convocatorias anteriores. O prazo de solicitude estará aberto ata finais deste mes.

Xuntos polo Nadal inclúe a manutención completa durante os oito días da estadia, desprazamentos ata a residencia de tempo libre e un amplo programa de actividades de animación e tempo libre. Se as solicitudes superan o número total de prazas, darase prioridade ás seguintes persoas: as que teñan máis idade, as que perdesen nos últimos tempos o seu cónxuxe ou a persoa con quen convivise, e as que non participasen nunca neste programa.

### **600 prazas en Manzaneda**

Por outro lado, o programa Montaña en familia permite estadias sociais subvencionadas na estación de inverno de Manzaneda, que ofrece 600 prazas durante as dúas últimas fins de semana de novembro e a primeira de decembro. Tamén esta convocatoria presenta novidades, como a ampliación do perfil dos beneficiarios, que xa non deberán ser familias numerosas, senón que tamén poderán ser monoparentais, acolledoras e vítimas de violencia de xénero.

Ademais, baixa preto dun 25 % o prezo que deberán pagar ás familias. Nesta nova edición a súa achega para toda a fin de semana limitarase a 66 euros por cada persoa maior de 12 anos e 36,5 por cada neno menor desa idade. O prazo para inscribirse en Montaña en familia está aberto ata o vindeiro luns, 15 de novembro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA